

Pornografía?!

Unha mirada crítica ao modelo de educación sexual

Unha proposta de Rexenerando S. Coop. Galega
para a AFA do CPI do Toural (Vilaboa)

Benvidas, benvidos e benvides!



Axenda para hoxe

Xoves 23 de marzo de 2023

18:00 a 20:00 h

1. Benvida e presentacións
2. Revisando a nosa educación sexual
3. O modelo actual de educación sexual: o modelo pornográfico
4. Un novo enfoque
5. Avaliación e peche



Obxectivos

- **Crear un espazo de encontro**, reflexión e diálogo onde nais e pais poidan compartir experiencias, inquiredanzas e estratexias sobre a educación sexual de fillas e fillos
- Sensibilizar na **importancia da educación sexual** dende un enfoque coeducativo e de respecto á diversidade
- Achegar un pequeno marco teórico dende o que comprender a **influencia do modelo pornográfico**, así como as súas principais causas e consecuencias

Unha ollada a...

- Vexamos o anuncio do Salón Erótico de Barcelona
"Sin educación sexual" (2018)



Dinámica: A nosa educación sexual

- Como foi a miña **educación sexual**?
- Que tipo de **mensaxes** recibín da miña familia?
- Cal era o **obxectivo** desas mensaxes?
- Cales eran os **valores** baixo esa educación afectivo sexual?



A nosa educación sexual

- Estudo da Federación Internacional de Planificación Familiar (2016):
 - A meirande parte da mocidade manifestaba que *"a educación sexual que reciben é moi escasa, chega tarde e ten un enfoque moi centrado na bioloxía"*
- Modelo **COITAL**: a penetración como única relación “completa”; o orgasmo como obxectivo
- Modelo **SANITARIZADO**: prevención de riscos, embarazos non desexados e I.T.X.
- Modelo **REPRODUCTIVISTA**: reprodución como límite: eliminación da diversidade afectivo sexual; idadista
- Modelo **XENITALIZADO**: aparecen os xenitais, pero non o corpo no seu conxunto

A nosa educación sexual

- A educación por omisión, os silencios
- A reprodución de erros comúns na comunicación sobre sexualidade no ámbito da familia
 - *Iso xa o aprenden soñ@s*
 - *Diante d@s nen@s, non se fala dese tema*
 - *Aínda son moi pequen@s*
 - *A sexualidade comeza na puberdade*
 - *Xa teñen toda a información que precisan*
 - *Sexualidade é reprodución son o mesmo*
 - *A educación sexual incita á práctica sexual*

A nosa educación afectivo sexual

- No cruce entre os nosos silencios e a información achegada dende o sistema educativo, non estamos dando respostas ás súas dúbidas
 - Como comeza unha relación sexual? Cales son os preliminares aceptables
 - Cando debe durar unha relación?
 - Como crear un ambiente axeitado?
 - Como son os corpos en detalle de mulleres e homes?
 - Que prácticas sexuais son habituais? Que pode facerse e que non?
 - Que partes do corpo hai que estimular e como se fai?
 - Cal é a resposta que se espera dun home ou dunha muller (sons, frases, caricias, rudeza, suavidade, intensidade, etc.)?


Unha ollada a...

- Vexamos o fragmento de Blog (2010) de Elena Trapé



O modelo pornográfico


- A **necesidade** de abordar esta cuestión xurde da intersección entre...





O modelo pornográfico

- Que é a **pornografía**?
- Como é a **sexualidade** que amosa?
- Como é a sexualidade no **mundo real**?



O modelo pornográfico

A pornografía pasou de ser

"representación obscena daquilo que ten co ver co sexo en revistas, cine, etc."



"presentación aberta e crúa do sexo que busca provocar excitación"

a unha ferramenta educativa

O modelo pornográfico

Hoxe a pornografía é...

"Unha nova pornografía, á que se accede dunha forma moi sinxela a través de Internet, dende dispositivos móbiles, gratuíta, con altísima calidade de imaxe, ilimitada en cantidade e variedade, anónima ou moi interactiva (atendendo ao grao de interacción con ela) e cada vez máis violenta"

O acceso á pornografía

Internet posibilita un acceso universal á pornografía 24/7

1/3 de todo o tráfico de Internet é pornografía



- 10º páxina web máis visitada do mundo, 1º de contidos pornográficos
- 27.000 millóns de visitas (2021), 74 millóns de visitas diarios
- **83% dos accesos son a través de dispositivos móbiles**
- España ocupa o posto 11 no ranking global de consumo de pornografía na rede
- O 62% de visitantes son homes

O acceso á pornografía

A pornografía é inevitable

Moitas veces non é unha búsqueda voluntaria. O contido aparece en forma de anuncio ou banner, e dirixe a contidos pornográficos, sen filtros para o acceso

- 61% do consumo é de persoas entre os 18 e os 34 anos
- 53,8% das persoas enquisadas accederon por primeira vez antes dos 13 anos, e o 8,7% antes dos 10
- A partir dos 8 anos de media atopan accidentalmente contido pornográfico
- Idade media 12 anos (mozos) e 12,5 anos (mozas)
- **Pornonativos, con acceso á pornografía audiovisual antes que á súa propia sexualidade**
- 68,2% d@s adolescentes viron pornografía nos últimos 30 días, con eles consumindo de media o dobre ca elas
- Eles, casi a diario; ellas, variación entre semanal e mensual

O acceso á pornografía

9 a 11 anos – primeira exposición ao porno e curiosidade

12 a 16 – búsqueda deliberada

Máis de 16 – uso e mesmo abuso

Ante as faltas de resposta, a pornografía como espazo de resolución de dúbidas (69%), xunto coas amizades (73%)

- Excitación e masturbación
- Curiosidade fronte aos tabús
- Aprender, tanto sobre prácticas sexuais como sobre anatomía

Os contidos da pornografía

"A gran maioría da pornografía é moi machista, falocéntrica e centrada no coito. Non atende á empatía nin ao respecto pol@ outr@. Pero ademáis, é imposible de reproducir na vida cotiá. Como se reproduce nun primeiro encontro sexual o modelo pornográfico? Iso está chamado ao fracaso. E xera unha gran decepción"



Os contidos da pornografía

- Principal ferramenta contemporánea de produción de imaxinarios sexuais
- **O guión pornográfico:**
 - Esquematismo psicolóxico das personaxes
 - Simplificación dos procesos de seducción e diálogo
 - Omisión da comunicación, as emocións e a expresión dos afectos
- **Fragmentación dos corpos, reducindo a sexualidade á xenitalidade**
- **Modelo sexual coitocéntrico e centrado no orgasmo masculino**
- **Normalización de prácticas de risco**

Os contidos da pornografía

- **Pornografía e roles de xénero:**
 - Significacións de xénero moi estereotipadas e relacións de poder
 - Os homes como suxeitos activos, valorados polo tamaño e funcionalidade do seu pene (expectativas)
 - O orgasmo masculino como “money shot”
 - As mulleres como obxectos sumisos e pasivos, ao servizo do desexo e a mirada masculina
 - O seu goce está sempre supeditado ao dos homes
 - Falta de interese pola representación do orgasmo feminino
 - Dominación simbólica e violencia física: linguaxe violento e machista; humillación das mulleres como espectáculo.
- **Lexitimación dun imaxinario onde a sexualidade masculina é a protagonista e a feminina aparece ao servizo desta**

Os contidos da pornografía

- **Pornografía e diversidade:**
 - Corporalidades variadas pensadas dende unha lóxica de mercado
 - Categorizacións das prácticas e dos corpos, identidades ou orientacións das actrices
 - Amplo “catálogo” de corpos
 - O “blanco” como predeterminado, sinalando a diferenza sempre de forma estereotipada
 - Mulleres lesbianas como obxectos da mirada masculina
 - Homosexualidade e bisexualidade masculina aparece como un tabú
- Ademais de machista, etnocentrista, lesbófoba, homófoba, tráfoba e capacitista, como a sociedade que a crea e consume

Os contidos da pornografía

- **Pornografía e consentimento**
 - Corpos pornográficos permanentemente dispoñibles; inmediatez e fácil acceso
 - Redución da comunicación e descontextualización das relacións
 - Naturalización da insistencia para converter un “non” nun “si”
 - Erotiza escenas onde hai claros abusos de poder; as vítimas finalmente acceden e rematan gozando da relación
 - Escenas de gran violencia onde se presenta a humillación como espectáculo
- Reproduce o guión social da **cultura da violación**

Os contidos da pornografía

“A cultura da violación fai referencia ao nivel de tolerancia social ás agresións sexuais. Unha forma de entendelas na que o dominio, o control e a necesidade masculina se impón a todo o demais. A trivialización dos abusos sexuais, a cousificación das mulleres, a culpabilización da vítima, a negación da violación e a impunidade son ramificacións da mesma violencia”



Os contidos da pornografía

En xeral, poderíamos dicir que o porno produce e reproduce un modelo de relación entre xéneros:

"A mocidade recibe así unha dobre mensaxe: unha que lle di que somos iguais, e outra que lles di que no fondo existe unha profunda desigualdade. Así, os mozos interiorizan que elas son tamén outra cousa: corpos ao seu servizo"



Consecuencias deste modelo

- Impactos importantes sobre os homes: expectativas; efectos buscados; consecuencias nas relacións interpersoais
- Impactos sobre a autoimaxe de mulleres e homes e sobre a súa visión das relacións de parella
- Influencia sobre o desenvolvemento das súas primeiras experiencias sexuais – pornonativos
- Aumento da vulnerabilidade respecto a prácticas de risco (ITX; violencia nas relacións; consumo de prostitución)
- Reforzo da separación de roles muller – home; imaxinario dun modelo de xénero dominante
- Redución da diversidade: ritualización ou simplificación da práctica sexual

Pistas para falar de porno

- Entender que a educación sexual xa comezou
- Calma!
- Preguntar sen ser esixentes ou inquisitivas sobre se entenden o que é, que pensan ou como lles fai sentir
- Evitar os xuízos e a culpabilización
- Ofrecer información sobre a pornografía como unha ficción
- Completar explicando elementos imprescindibles no marco das relacións sexuais, como consentimento, a confianza, a comunicación e o respecto
- Xerar un espazo de confianza sobre como actuar se reciben esas imaxes de persoas coñecidas ou descoñecidas, se as atopan en Internet, etc.
- Poñer (ou negociar) límites

Unha ollada a...

- Vexamos o fragmento de Salvados: La mala educación (2019)



O noso enfoque

- Marco teórico do **FEITO SEXUAL HUMANO**

A realidade sexuada como un proceso biográfico

A sexuación como un proceso continuo, no que imos confluír como mulleres e homes concretos e únicos

- **TANTAS SEXUALIDADES COMO PERSOAS**

- A diversidade corporal
- O masculino e o feminino | expresións de xénero
- Identidade sexual como feito de consciencia
- Orientación do desexo
- A erótica

O noso enfoque

- **SISTEMA SEXO - XÉNERO**

Realidade material + interpretación cultural

Concepto + proceso de xeración de desigualdade

Socialización de xénero

- **CONSECUENCIAS**

- Sexismo: xerarquía ríxida
- Limitacións ao libre desenvolvemento
- Invisibiliza a diversidade existente
- Dinámicas de reforzo vs. ferramentas de censura



Un novo enfoque: o modelo de educación sexual integral

Unha educación afectivo sexual dirixida a que nenas e nenos aprendan a coñecerse, aceptarse e espresar a súa erótica dun xeito que sexan felices

- Cuestións máis significativas a ter en conta
 - De 0 a 3 anos
 - Non reforzar o binarismo xenital
 - Diversidade de modelos familiares e de relación
 - Reprodución de roles e estereotipos de xénero
 - Nomes dos xenitais

Un novo enfoque: o modelo de educación sexual integral

- De 4 a 7 anos
 - A construción dunha identidade propia
 - Socialización secundaria
 - Mecanismos de censura/reforzo
 - Cuestionamento do binarismo
 - Curiosidade polo corpo e prácticas de exploración e cuestionamento xenital
 - Na casa, con collage ou plastilina, facer modelos de xenitais
 - Exploración entre iguais e diferentes
 - Falar de consentimento
 - Bos contactos de coidados: persoas que nos limpan, nos bañan, etc.
 - Contactos que molestan, que doen, que son raros: espazo de confianza e comunicación
 - O secreto bo vs. O secreto malo
 - Pequenos con pequenos vs. Pequenos con maiores
 - Ter información, comprender a información, aceptar a información

Un novo enfoque: o modelo de educación sexual integral

- De 8 a 12 anos
 - Presións do imaxinario social sobre os corpos. Hai que contrarrestar:
 - Presión dos modelos de beleza e hipersexualización para as nenas
 - Obligatoriedade da forza e de encaixar nun tipo concreto de masculinidade para os nenos
 - Desexo, atracción e erótica
 - Diversidade de orientacións do desexo
 - A masturbación
 - A ollada adultocéntrica

Un novo enfoque: o modelo de educación sexual integral

- De 8 a 12 anos - A puberdade
 - Elas, entre os 8 e 14 anos / Eles, entre os 12 e 14 (Marco, dos 9 aos 16)
 - Superación do xenital
 - Crecemento dos osos, dor no corpo, nas articulacións
 - Pelo corporal (pelo facila e a construción da masculinidade e feminidade)
 - Acné como expresión do cambio
 - Cambios na voz
 - Atención ao autodesprecio e as diferentes velocidades no desenvolvemento
 - Proposta para as familias: buscar fotos dos nosos momentos de cambio adolescentes e compartir información sobre o proceso dende aí, dende a experiencia persoal

Un novo enfoque: o modelo de educación sexual integral

- De 8 a 12 anos - A puberdade
 - Cambios xenitais e mamas
 - Mamas – desenvolvemento do botón mamario
 - Moco cervical – primeira menstruación
 - Crecemento dos testículos e o pene: a comparación, a vergoña e os medos
 - Menarquia
 - Rachar o relato do residuo, do sucio
 - Enfoque de autocoñecemento, da saúde e do autocoidado do corpo
 - Xestión do sangrado – caixa con diferentes métodos e materiais
 - Espermarquia
 - Sobre mover e retirar o prepucio: deixar os penes en paz! Limpar, pero sen dor
 - Enfoque de autonomía e intimidade
 - Rachar co relato do sucio – “polucións nocturnas”

Pistas xerais

- Favorecer un clima de confianza e seguridade
- Responder sempre ás súas preguntas, no momento no que nos preguntan
- Non evitar a resposta
- Non adiantar as respostas ás preguntas
- Respostas sinxelas, breves e axeitadas ao momento evolutivo do neno ou nena
- Empregar os nomes correctos dos xenitais
- Naturalidade e espontaneidade

Que podemos facer como nais, pais, educadoras, ante o modelo actual de educación sexual?



Como peche

Que podemos facer como nais, pais, educadoras, ante o modelo actual de educación sexual?

	Cambio persoal	Cambio social	Cambio político
Podo actuar			
Podo incidir			
Non podo actuar nin incidir			

Grazas!



rexenerando.com
Fb @rexenerando
Ig @rexenerandocoop



604 033 515



info@rexenerando.com
martin@rexenerando.com

Grazas!

Practiquemos o aprendido

- **Que sería o axeitado nestas situacións se do que se trata é de ser naturais?**

1.- Imaxinade que a vosa filla ou fillo (5 ou 6 anos) se asoma á vosa habitación durante unha relación erótica coa vosa parella. Non sabedes o que viu o o que non. Que deberiades facer?

2.- Estades vendo coa vosa filla ou fillo (9 ou 10 anos) unha película e a estades seguindo con moito interese. De súpeto, sen esperalo, aparece unha escena de sexo explícito e que polo que sexa non vos parece axeitada para esa idade. Que deberiades facer?


Unha ollada a...

- Vexamos o videoclip de HollySiz “The Light” e falemos un pouco...




Unha ollada a...

- Vexamos o videoclip de HollySiz “The Light” e falemos un pouco...
- Que nos fai sentir o vídeo?
- Cal é o conflito do vídeo? Por que esta situación é un problema?
- Que pensades das reaccións de outras nenas e nenos?
- Que pensades da reacción da mestra?
- Como reacciona a veciñanza?
- Que opinades da reacción da nai? E do pai ao principio e ao final?



The Genderbread Person



 Gender Identity



 Gender Expression



 Biological Sex



 Sexually Attracted to



 Romantically Attracted to



O noso enfoque

- Así, o obxectivo dunha **EDUCACIÓN SEXUAL INTEGRAL** debería ser que as nosas fillas e fillos aprendan a coñecerse, aprendan a aceptarse e aprendan a expresar a súa erótica dun xeito que sexan felices
 - COÑECERSE (a si mesmas e ás demais)
 - ACEPTARSE (a gusto con elas mesmas)
 - EXPRESARSE (con liberdade e felicidade)